

ESCOLLA DE NOMES DE USUARIO NA WIKIPEDIA EN LINGUA GALEGA

PRESENTACIÓN

Este é un traballo de investigación sobre os nomes de usuario das persoas que editan na Wikipedia en lingua galega, co obxectivo de entender as motivacións á hora de escoller o dito nome. O propósito é facer un corpus de alcumes e intentar comprender se existe algún patrón.

Consultei bibliografía sobre nicks e alcumes en chats e redes sociais, e de momento non hai moito material escrito, polo que este traballo é pioneiro sobre a materia en lingua galega. Na Wikipedia en lingua castelá existe unha subpáxina de carácter non enciclopédico onde as persoas usuarias poden expor as motivacións que as levaron a escoller o seu nome de usuario. Porén, estes só aparecen ordenados seguindo un criterio alfabético, sen seren analizados nin categorizados.

O primeiro paso foi elaborar un cuestionario. Antes de enviálo ao resto da comunidade de usuarios, consulteino co resto de administradores (11) da versión en galego da Wikipedia¹. Despois mandeino a 150 persoas. En maior ou menor medida teño trato persoal con elas, e a solicitude foi feita a través do correo electrónico ou, no caso de non coñecelo, a través da propia páxina de conversa da Wikipedia. O criterio escollido foi preguntarlle a aquelas con máis edicións na Wikipedia en lingua galega, estean ou non activas na actualidade. Ao respecto, cómpre sinalar que o número de edicións non é un criterio que sinale a maior ou menor implicación da xente no proxecto, nin serve para xulgar o valor e as achegas dunha persoa en particular.


As preguntas feitas buscan relacionar os nomes de usuario con diversos aspectos persoais, como a idade, o lugar de procedencia, o traballo e a formación académica, ou os intereses persoais. No correo electrónico no que se solicitaba a colaboración explicitábase que a información persoal é confidencial e que se respectaría o anonimato dos pseudónimos, pois o propósito non é identificar os alcumes, senón intentar comprender a que obedecen.

RESULTADOS XERAIS

Responderon á enquisa en total 62 persoas (algunhas máis das esperadas), das cales 58 foron homes e só catro mulleres. Isto responde en certa medida á participación na Galipedia e na Wikipedía en xeral: calcúlase que só o 15 % das persoas que colaboran na versión en inglés son mulleres, o cal afecta aos contidos da mesma.

Respecto á idade, non se pode establecer un patrón: 10 persoas teñen máis de 50 anos; 11 teñen entre 40 e 50; 17 entre 30 e 40; 23 entre 20 e 30 (12 entre 25 e 30; 11 entre 20 e 25) e unha persoa menos de 20 anos.

Respecto á procedencia, 49 persoas residen en Galiza e 11 non. 26 persoas viven na provincia da Coruña (8 na propia cidade, 7 en Santiago de Compostela); 17 na provincia de Pontevedra, 5 na provincia de Lugo e 2 na provincia de Ourense. Da xente de fóra de Galiza, 9 persoas residen no resto do estado (3 en Madrid e 2 en Barcelona), outra en Escocia, outra en Bangladesh e outra nos EUA.



¹ Os administradores son unha clase especial de colaboradores da Wikipedia. Amais de poderen editar os artigos como calquera usuario, poden levar a cabo algunhas accións e labores de mantemento. Son elixidos pola comunidade de usuarios e usuarias.

As persoas que responderon teñen en xeral unha boa formación académica, pois 42 das persoas (máis dos 2/3) remataron os estudos universitarios, e outras 8 están a estudalos na actualidade. 7 persoas fixeron un máster ou un posgrao; 25 persoas fixeron unha licenciatura, 6 un grao e 4 unha diplomatura; 5 persoas fixeron un ciclo superior; 12 persoas remataron COU ou Bacharelato; 3 persoas remataron a ESO. 34 persoas seguen a estudar na actualidade: 2 preparando oposicións, 5 nun máster, 18 estudan unha carreira, 2 fan Bacharelato, 2 fan un ciclo e 4 estudan idiomas.

39 persoas están a traballar na actualidade, 11 non e 5 non responderon. Das que traballan, 10 son docentes, 6 funcionarios e 5 informáticos.

MOTIVACIÓNS ONOMÁSTICAS

32 dos nomes de usuario (pouco máis da metade) están relacionados co propio nome da persoa. Establecín catro subcategorías:

--Nomes propios (12), dos cales 6 conteñen só o nome: *Basilio*, *Lara*, *Nicole*, *Servando2* [tivo un problema coa primeira conta que creara, chamada Servando], *Xosé* e *Xosé Antonio* [variante galeguizada do nome oficial, José Antonio]. Outros 6 conteñen o nome e o primeiro apelido: *Eva Fuentes*, *Iago Pillado*, *Miguel.lima*, *Ramiro Torres*, *Xabier Cancela* e *Xabier Cid*.

--Acrónimos (10); cada un obedece a un motivo particular, sen que se poida establecer unha mínima categorización: nome e parte do apelido (*Andrespe* < Andrés Pérez) inicial do nome e apelido (*Atobar* < Alejandro Tobar; *Tfeliz* < Tiberio Feliz), inicial do nome e parte dos apelidos (*Agremon* < Antonio Gregorio Montes; *Lmbuga* < Luís Miguel Bugallo), nome e parte dos apelidos (*Angeldomcer* < Ángel Domínguez Cerdeira), nome e iniciais dos apelidos (*Elisardojm* < Elisardo Juncal Muñiz), alcume e iniciais dos apelidos (*Estevoaei* < Estevo e iniciais de Adrián Estévez Iglesias), parte do nome e apelido (*Krisko* < Christian Marco) e parte do nome e apelido enteiro (*Mgl.branco* < Miguel Branco [apelido galeguizado]).

--Hai 6 casos en que se une o nome con algo máis como un lugar, unha cifra ou un interese.

No caso dos lugares están *Albert Galiza* (Alberte, que se rexistrou cando estudaba en Madrid), *Loischantada* (Lois, que vive na Coruña mais é orixinario da vila de Chantada) e *PepedoCouto* (Xosé Couto, do barrio do Couto, no concello de Narón).

No caso das cifras están *Anton45* (Antón e unha cifra aleatoria, unha das opcións que recomenda o propio sistema como posibilidade) e *JaviP96* (Javier Peña, nado en 1996).

Outro caso singular é o de *Nachonion*, referido ao hipocorístico de Ignacio máis o termo “nion”, que significa freixo en gaélico (este rapaz é enxeñeiro de montes).

--Existen 4 casos que consisten en variantes do nome: *Adorian* (Adrián en xaponés), *Beninho* (alcume derivado de Beni, á súa vez de Benedicto), *Imxavitooh* (derivado de Xavi, aínda que non se explica o proceso) e *Xoacas* (alcume agarimoso de Xaquín).

Os outros 30 nomes de usuario non son transparentes, e obedecen a distintas motivacións.

--3 usuarios usan un alcume co que son coñecidos, xa sexa o propio (*Piquito*, como é chamado pola súa muller) ou de carácter familiar (*Lajoeiro* e *Pementa* son os alcumes dos avós dos usuarios). Pola súa banda, o usuario *Vilachán* escolleu ese nome porque é o segundo apelido da súa nai, de pouca distribución en Galicia (60 ocorrencias).

Esta categoría cabería en certo modo incluíla no apartado anterior, pero preferín considerala xunto aos nomes non transparentes, ao non estaren directamente relacionados co nome propio da persoa.

--4 usuarios buscan identificarse cun lugar: é o caso de *Gallaecio*, *Ibercastell* (de Ponferrada, identifícase coa península Ibérica e con Castela e León), *Paradanta* (o monte da Paradanta, preto das Neves, e comarca do sueste de Pontevedra) e *Pontesiño* (parroquia da Ponte, en Silleda).

Por outra banda, o usuario *Porto* é alguén a quen lle gusta viaxar, e o día en que se rexistrou visitara esa cidade portuguesa. Entende que ese nome de usuario amosa similitudes entre a cultura galega e a portuguesa, máis tamén as diferenzas político-administrativas e climáticas existentes.

--6 usuarios usan léxico que se identifica coa lingua galega: o usuario *Fendetestas* entende

que ese termo é representativo galego, do que está orgulloso; *Furagaitas* é unha palabra de uso familiar deste home, da zona de Arteixo; *Pexego* é o nome dunha froita que lle gusta a esa persoa; *VaiPolaSombra* é unha expresión usada pola avoa do usuario. Destes seis usuarios, dous deles elixiron un termo que lles dese certo anonimato: *Calq* (de calquera) e *Nemigo*. Pola súa banda, un usuario buscou un nome que o identificase coa lingua aragonesa: *Chabil*.

--4 usuarios escolleron un termo relacionado coa súa profesión: o historiador *Carronada* escolleu o nome en castelán dunha peza de artillería mencionada na novela histórica *Trafalgar*; *Lameiro* é unha homenaxe ao veterinario ourensán Xavier Prado Rodríguez; *Sobreira* escolleu este nome polo seu interese na botánica e como homenaxe a Xoán Sobreira Salgado (o padre Sobreira); *Xoio* é un biólogo que escolleu este nome pola súa brevidade e eufonía.

--11 persoas escolleron o seu nome de usuario en base a diversos intereses culturais:

→ literatura: *Almaffi* é unha referencia ao escritor italiano Mario Maffi, do que esta persoa leu con agrado o libro *La cultura Underground*;

→ música: *FleaRHCP* refírese ao grupo de California Red Hot Chili Peppers e ao alcume de Michael Peter Balzary, o seu baixista;

→ moda: *Pernet* é o apelido da crítica de moda Diane Pernet;

→ deporte: *Vivaelcelta* fai referencia ao club de fútbol vigués (rexistrouse primeiro na Wikipedia en castelán, e o nome de usuario mantense para todos os proxectos de Wikimedia);

→ historia: *Gallaecio* débese ao interese pola historia, adaptación do nome dun personaxe da película *Gladiator* chamado Hispano; este nome, amais de referencia histórica, estaría relacionado co apartado de vencello a un espazo xeográfico. Pola súa banda, o usuario *Silverfox* escolleuno en homenaxe a un militar que usaba ese alcume.

→ mitoloxía: *Breogan2008* é un personaxe que representa o pasado mitolóxico de Galiza; o usuario non deu explicacións respecto á cifra. *Woden* é o deus xermánico da inspiración, a furia e a adiviñación.

→ informática: o usuario *Furado* identifícase con este nome, relacionado coa capacidade para chegar a pequenos recunchos a través de sistemas informáticos.

→ idiomas: o usuario *Sernostri* indica que o seu nome é unha tradución chafalleira de “ser dos nosos”, mesturando o termo galego 'ser' co italiano 'nostri'.

→ física: *Amperio* escolleu ese nome logo de resolver un problema desta materia na escola.

Lingua

39 das persoas non buscan identificar o seu nome cunha lingua concreta; delas a maioría indican que non pensaron no asunto ao se rexistraren. 22 persoas si que buscan unha identificación: 20 co galego, unha co aragonés e unha co xaponés.

As persoas que buscan unha identidade lingüística en xeral fano por unha cuestión cultural máis que política (se é que poden separarse por completo estes dous aspectos): buscan a difusión na rede da lingua galega.

CONCLUSIÓNS

Como conclusión, debo sinalar que en boa medida os resultados foron os agardados: a maioría son nomes persoais, e outros obedecen a diferentes motivacións. A investigación serviu para comprender algúns nomes de usuario pouco transparentes. Algunhas das explicacións valéronme para formular hipóteses de cara a entender o significado doutros nomes de usuario de persoas que non contestaron o cuestionario.

Amais dos datos indicados, na enquisa incluíanse outras preguntas, para saber se o alcume empregado era utilizado ben no correo electrónico, ben noutras redes, foros ou webs; porén, a xente non se implicou moito nas respostas e os resultados non foron moi transcendentais.

Preguntábase tamén se a xente pensaba que a escolla do nome de usuario podería influír na percepción que o resto da comunidade podía ter de cada persoa, e por tanto na relación co resto da xente. A maioría da xente non cre que se deba prexulgar polo nome, e entende que as relacións non

deben estar marcadas por este factor. Algunhas persoas dixeron que preferían falar con usuarios que teñen un nome transparente.

Algo que me sorprende é que máis xente do que pensaba non era consciente no momento de se rexistrar de que o seu papel na Wikipedia ía ser tan activo como finalmente foi; algunhas persoas manifestaron que de saber que ían editar tanto e que ían ter unha relación tan intensa co resto da comunidade de editores, no momento de se rexistraren escollerían outro nome.

Outra das preguntas era se a opción escollida fora a primeira elección, ou se o nome preferido xa estaba tomado. Na gran maioría dos casos non houbo problema, e só nalgúns casos tiveron que facer unha segunda escolla; dentro desta casuística, a maior parte dos casos consistiu en variar lixeiramente a primeira opción ou engadir un apelido.

Os datos amosan en xeral un forte vínculo das persoas coa súa terra, xa non só polos casos explícitos en que se fai referencia no nome de usuario ao lugar de procedencia (*O Couto, Galiza...*). En xeral enténdese que as persoas que colaboran na Wikipedia teñen un interese cultural, e no caso da lingua galega existen tamén motivacións de militancia na defensa do uso da lingua galega.

En xeral quedei moi contento coa implicación da xente. Houbo varios agradecementos e mostras de apoio pola realización deste traballo.

BIBLIOGRAFÍA

Martin, Marcienne (2006): *Le pseudonyme sur Internet. Une nomination située au carrefour de l'anonymat et de la sphère privée*. Paris: L'Harmattan.

Martin, Marcienne (2012): *Se nommer pour exister. L'exemple du pseudonyme sur Internet*. Paris: L'Harmattan.

Wikipedia: páxinas de usuario e páxinas explicativas de carácter non enciclopédico.

Significado de los nombres de usuario (2008-2013): artigo na wikipedia. Consultado o 28 de novembro de 2013. es.wikipedia.org/wiki/Wikipedia:Significado_de_los_nombres_de_usuario